



#POLAFAMILIA

Subsidio litúrxico cada martes para a celebración da Eucaristía

DELEGACIÓN DE PASTORAL FAMILIAR DA DIOCESE DE LUGO

SANTA ISABEL DE HUNGRÍA, RELIXIOSA

MONICIÓN DE ENTRADA

Santa Isabel de Hungría quedou viúva moi nova e, pertencendo á familia real, dedicou a súa riqueza aos pobres e trato de servir aos máis necesitados, construíndo tamén hospitais para iso. Do mesmo xeito que se atopaba ela, hoxe moitas familias carecen do material para subsistir, dun fogar digno, do alimento necesario... Moitos se viron afectados tamén por esta pandemia. Por iso, hoxe presentamos ao Señor nesta Eucaristía a todas aquelas familias que tratan de saír adiante con escasos recursos, e imploramos ao Señor que mova o noso corazón á compaixón e acción caritativa polos demais.

ORACIÓN DOS FIEIS

Oremos a Deus, que é amor.

- Polo Papa Francisco e os bispos: para que promovan e defenda á familia como lugar necesario para o crecemento e desenvolvemento das persoas a través da caridade, a esperanza e a fe. **Roguemos ao Señor.**
- Por aquelas familias que atravesan un momento de dificultade: que poidan recibir a axuda necesaria por parte da Igrexa para discernir os seus problemas e seguir camiñando xuntos no medio da tribulación. **Roguemos ao Señor.**
- Polas familias divididas por diversas causas: para que o Señor sexa a fonte do seu consolo e atopen na Igrexa a acollida e o acompañamento necesario no medio da dor que viven. **Roguemos ao Señor.**
- Polos nosos políticos: que traballen en favor da familia, defendéndoa como necesaria célula básica da sociedade. **Roguemos ao Señor.**
- Por nós: que na nosa comunidade parroquial saibamos ser sempre unha familia unida por un vínculo maior, que é Cristo, capaz de superar as nosas divisións ou diferenzas. **Roguemos ao Señor.**

Escoita, Señor, as súplicas que che presenta o teu pobo. Por Cristo, noso Señor.

ACCIÓN DE GRAZAS

Señor, grazas pola familia que me deches,

polo amor que nos une.
Hoxe pídoche que sigas bendicindo a cada un,
que abras camiños de paz,
que nos deas saída aos problemas que se presentan
confiando no teu poder para xuntos vencer.

Señor, axúdanos a estar unidos
que crezamos en amor e comprensión
uns con outros, en consideración e aprecio,
en coidado e respecto.
Quita de nós toda raíz de amargura,
que o perdón encha o noso corazón,
bendinos coa túa paz e a túa bondade.

Señor, hai momentos tan difíciles
que non sabemos como afrontalos,
son situacións que se escapan
do que podemos facer humanamente,
ten piedade de nós e obra no noso favor,
coida dos indefensos e protéxeos,
que sexan gardados de todo mal
pedímoscho con tódalas forzas
no nome de Xesús, amén.